



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Conservatorio Profesional de Música
Praza do Conservatorio, s/n 15011 A CORUÑA
Telf. 981 276 800 - Fax 981 276 767
cmus.profesional.coruna@edu.xunta.es
centros.edu.xunta.es/cmusprofesionalcorunha



PROGRAMA OFICIAL DA MATERIA DE

VIOLÍN

CURSO 2010-2011

INDICE

INTRODUCCIÓN E FINALIDADE DOS ENSINOS ELEMENTAIS E PROFESIONAIS DE MÚSICA	(pax. 3)
1. GRAO ELEMENTAL	(pax. 4)
2. PRIMEIRO CURSO	(pax. 6)
3. SEGUNDO CURSO	(pax. 10)
4. TERCEIRO CURSO	(pax. 14)
5. CUARTO CURSO	(pax. 18)
6. GRAO PROFESIONAL	(pax. 22)
7. PRIMEIRO CURSO	(pax. 24)
8. SEGUNDO CURSO	(pax. 28)
9. TERCEIRO CURSO	(pax. 32)
10. CUARTO CURSO	(pax. 35)
11. QUINTO CURSO	(pax. 39)
12. SEXTO CURSO	(pax. 43)
13. PROCEDEMENTOS PARA A EVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO	.(pax. 47)
14. DESENVOLVEMENTO E RESULTADOS DÁ PROGRAMACIÓN.	(pax.48)
15. ATENCIÓN A DIVERSIDADE	(pax. 49)
16. A CLASE COLECTIVA	(pax. 50)
17. ACTIVIDADES COMPLEMETARIAS	(pax. 53)
18. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES .E DE PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS PROGRAMADAS POLO DEPARTAMENTO	(pax. 53)
19. PROBAS DE ACCESO A TODOS OS CURSOS DO GRAO ELEMENTAL AGAS 1º	.(pax.54)
20. PROBAS DE ACCESO A TODOS OS CURSOS DO GRAO PROFESIONAL.	(pax. 58)
21. PREMIO DE FIN DE GRADO	(pag. 65)

INTRODUCCIÓN E FINALIDADE DOS ENSINOS ELEMENTAIS E PROFESIONAIS DE MÚSICA

A lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que os ensinos artísticos teñen como finalidade proporcionar ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

Grao Elemental:

No artigo 48 preceptúa que os ensinos elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen. Ditas características veñen ditadas no posterior decreto de 27 de Setembro de 2007.

A finalidade do grao elemental dos ensinos de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

Grao Profesional:

A lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen os ensinos mínimos.

Así mesmo, a citada lei orgánica no capítulo VIN do título I, fixa as características básicas dos ensinos profesionais de música, dentro dos ensinos artísticos.

A presente programación dá concreción a devandito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros de traballo de aula dos docentes deste departamento no Conservatorio Profesional de Música da Coruña.

A finalidade do grao elemental é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade necesaria que permita acceder ao grao profesional.

O grao profesional ten como finalidade proporcionar ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais, e ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

1. GRAO ELEMENTAL

OBXECTIVOS

Obxectivos xerais para os instrumentos de corda

O ensino de instrumentos de corda no grao elemental terá como obxectivo contribuír a desenvolver nos alumnos as capacidades seguintes:

- Adoptar unha posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento e que favoreza o manexo do arco e da actividade de man esquerda, así como a coordinación entre si.
- Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento e saber utilizalas, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como de conxunto.
- Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde con este nivel.

Contidos xerais para os instrumentos de corda

- Produción do son: cordas ao aire, uso de todo o arco e distintas lonxitudes do mesmo.
- Posición do instrumento e do arco: control muscular.
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de son.

- Coñecemento das arcadas básicas e do vibrato como elementos de expresión musical.
- Estudo das posicións.
- Desenvolvemento do movemento horizontal do brazo dereito (cantabile) e do movemento vertical dos dedos da man esquerda, así como da coordinación entre ambos.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.
- Lectura a primeira vista de obras ou fragmentos sinxelos.
- Iniciación á comprensión das estruturas musicais nos seus distintos niveis - motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc. - para chegar a través disto a unha interpretación consciente e non meramente intuitiva.
- Selección progresiva en canto ao grao de dificultade de exercicios, estudos e obras do repertorio que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumno.

Critérios de avaliación xerais e comúns a todo o grao

- Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión.
- Memorizar e interpretar textos musicais empregando a comprensión melódica, a afinación, articulación e fraseo adecuados ao contido musical.
- Interpretar obras de acordo cos criterios do estilo correspondente.
- Describir con posterioridade a unha audición os trazos característicos das obras escoitadas.
- Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.
- Interpretar en público, como solista e de memoria, obras representativas do seu nivel co instrumento, con seguridade e control da situación.
- Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ou cantar ao mesmo tempo que escoita e adáptase ao resto dos instrumentos.

2. PRIMEIRO CURSO

2.1 Obxectivos

Ao tratarse do primeiro contacto do alumno co instrumento, este primeiro curso ten un carácter marcadamente preliminar ou preparatorio.

O principal obxectivo do curso é preparar física e psicolóxicamente ao alumno para unha óptima asimilación dos principios técnicos do instrumento. Esta preparación se desglosa nos seguintes puntos:

- Educación da concentración. O alumno deberá aprender desde o principio a manter un bo nivel de concentración na clase e no estudo persoal.
- Educación da distensión. Principios de relaxación muscular. Movemento e descanso.
- Educación postural: equilibrio.
- Educación rítmica e auditiva.
- Coñecemento do instrumento: Teórico (violín, arco e accesorios; coidados do instrumento) e práctico (posición do violín e do arco, principios da súa utilización, pizzicatos).
- Coñecemento do protocolo. Normas de actuación en público: saúdos e posicións de descanso e espera.

2.2 Contidos

- Suxeción correcta do violín e do arco.
- Fundamentos da condución do arco e do son. Divisións do arco. Distribución do arco.
- Pequenas pezas con arco.
- Pequenas pezas en pizzicato.
- Colocación progresiva dos dedos da man esquerda.
- Control rigoroso da afinación.
- Escalas e arpegios dunha oitava.

2.3 RECURSOS DIDÁCTICOS.

Escalas e arpejos:

CURCI :	Tecnica elementale delle scale e degli arpeggi
GRIGORIAN:	Sistema de escalas.
A. B R S M:	Sistema de escalas
TOLEDO, A.:	Método de Escalas e arpejos, Vol I

Métodos e estudios

ANDERSON AND FROST:	All for Strings vol. 1
APPLEBAUM:	String Builder , Vol 1 Building Technique with Beautiful Music
CRICKBOOM :	O violín teórico e práctico vol.1 (iniciación)
CLAUDIO :	El joven violinista vol. 1.
CURCI :	Tecnica fondamentale di violino, vol. I "50 estudios melódicos" op. 22
COHEN ,	Eta: Violin Method vol.I,II
COHEN, M.	: Superstudies, vol 1
DANCLA:	36 Studi Melodici e facillissimi
De KEYSER:	Violin playtime Studies vol. 1.
DOFLEIN:	Violin Method vol.I
DENES, Lani, Mezo:	curso para violín, vol. 1
KINGSEY:	Elementary and Progressive Studies, vol 1
P. ROLLAND :	Young Strings in action, vol. I Tunes and Exercises for String Players.
MATEU:	O violín, iniciación

VAN de VELDE : Le Petit Paganini vol. 1.

VARIOS : The little Sevcik

Pezas:

BARBER: Solos for Young Violinists vol.1 (primeiras pezas)

BRODSKY: Old Music for violin.

BLACKWELL: Fiddle Time Starters, Fiddle Time Joggers

COHEN: Superpieces, vol 1

COLLEDGE: Stepping Stones, Waghon Wheels

ELGAR.: Six Easy Pieces for Violin.

CRICKBOOM: “Chants et Morceaux” caderno 1

FLETCHER, S.: New Tunes for Strings vol. 1

KAVALEWSKY: Album pieces (da 1 a 4)

LENKEI: Violin music for beginners

Eloadasi Daravok vol 1-2.

MARTIN, P: Little suite nº 1e 2.

NELSON, S.: piece by Piece 1, Tetratunes, Right from the start, Two in one, Pairs, Tunes you know 1, Threes, Fours, etc.

PRACHT: Album of twelve Easy Pieces

SUZUKI : Violin school, vol. I

SZILVAY, G: Aapinen, vol.1, Violin Rascals, vol.1

Pezas do folclore popular galego axeitadas ó nivel nas tonalidades de Sol M, Re M e La M.

Colección de pezas da Royal Academy e da editorial Moscova para grado 1.

Pezas de similar nivel e dificultade

2.4 CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Esixirase o coñecemento das notas correspondentes á primeira posición, a execución correcta das escalas de SOL, RE e LA dunha oitava e un mínimo de seis pezas adecuadas ao nivel.

Mínimos exixibles por trimestre

Unha das escalas, un estudio curto e dúas pezas

2.5 PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

2.5.1 Ordinarios para todos os cursos de grao elemental.

- Avaliación continua ao longo do curso.
- Avaliación puntual nas audicións.
- Cada trimestre os profesores coxuntamente farán un control sobre a evolución técnica e artística dos alumnos, os cales deberán interpretar unha escala, un estudio e una peza ou o repertorio que estén preparando no momento, segundo o criterio do seu profesor.
- Para cuarto de grao elemental, os profesores poderán establecer unha proba práctica ao final de nivel.

2.5.2 Extraordinarios para todos os cursos de grao elemental

De acordo coa normativa do centro, o alumno perderá o dereito á avaliación continua en caso de ter catro ou máis faltas sen xustificar ao longo do curso e terá que realizar un aproba de aptitude ao final de cada trimestre. A devandita proba, para a que será convocado, consistirá na interpretación de parte do programa do curso correspondente.

2.5.3 Exames para alumnos que perderon o dereito á avaliación continua.

Realizaráselles unha proba idéntica á do acceso ao curso inmediatamente superior no que se achen matriculados, no referente á proba de violín.

2.6 MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

Os alumnos que necesiten medidas de recuperación poderán:

- Asistir como oíntes ás clases de compañeiros de niveis similares.
- Realizar exames de recuperación ao longo do curso.

- Os profesores contemplarán a posibilidade de destinar algunhas clases colectivas a traballar aspectos técnicos concretos como medida de recuperación para os alumnos que o necesiten.

2.7 EXAMES EXTRAORDINARIOS DE SETEMBRO

Os alumnos que suspendan a convocatoria de Xuño teñen dereito a un exame en setembro. Neste exame deberán interpretar dúas obras extraídas das listas de obras orientativas correspondentes ao curso inmediatamente superior, e un fragmento de lectura a primeira vista.

En caso de dúbida, o alumno deberá consultar co profesor correspondente.

2.8 CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA.

Para conceder a ampliación de matrícula é requisito indispensable que o alumno supere os obxectivos e contidos do curso no que está matriculado, e que o profesor considere que pode superar os do seguinte.

3. SEGUNDO CURSO

3.1 OBXECTIVOS

O obxectivo primordial consistirá en desenvolver unha óptima posición do instrumento e dunha empuñadura do arco adecuada.

- Intentarase constantemente perfeccionar o equilibrio corporal, tanto no estatismo como no dinamismo.
- Levará a cabo unha procura dun son natural de calidade e a potencia suficiente que permita ao alumno afrontar os primeiros estudos e as primeiras pezas complexas.
- Potenciarase a memoria musical do alumno.

3.2 CONTIDOS

- Formación do son: homogeneidad, timbre e cor. Control do peso e da velocidade do arco.
- Golpes de arco fundamentais á corda en todas as partes do arco: detaché, martelé, legato, staccato.

- Escalas en dúas oitavas con arpegios, cos golpes de arco citados nas súas distintas combinacións.
- Boa sensación rítmica.

3.3 RECURSOS DIDÁCTICOS

Escalas e arpegios:

A. CURCI :	Tecnica elementale delle scale e degli arpeggi
GRIGORIAN:	Sistema de escalas.
A. B.R.S.M.:	Sistema de escalas
TOLEDO, A. :	Método de Escalas e arpegios, Vol I

Métodos e estudos

ANDERSON AND FROST:	All for Strings vol.2
APPLEBAUM:	String Builder , Vol 2
CRICKBOOM :	O violín teórico e práctico vol.1 e 2
CLAUDIO :	El joven violinista vol. 2
CURCI :	Tecnica fondamentale di violino, vol. II "50 estudos melódicos" op. 22
COHEN, Eta:	Violin Method vol.,II
COHEN; Mary:	Superstudies, vol 2
DANCLA:	36 Studi Melodici e facillissimi
KAYSER :	Estudios, op. 20
De KEYSER:	Violin Study Time.
DOFLEIN:	Violin Method vol.II
KINGSEY:	Elementary and Progressive Studies, vol 2
LASZLO ET AL.	: Violin schule III (Escalas en dos octavas)
ROLLAND :	Young Strings in action, vol. II .
VAN de VELDE :	Le Petit Paganini vol. 1 (final) e 2 (principio).
VARIOS :	The little Sevcik

WOHLFAHRT	:Estudios, op.45
LECTURA A 1ª VISTA : Grados 1-5	Specimen Sightreading Tests (ABRSM)
Pezas:	
BARBER:	Solos for Young Violinists vol.1
BEER :	Concertino op. 47
BARTOK:	“dúos” do 1 ao 14
BLACKWELL:	Fiddle Time Runners
BORNEMAN:	Le Petit Paganini
COLLEDGE:	Fast Forward
COHEN:	Superpieces, vol 2
CRICKBOOM:	“Chants et Morceaux” caderno 1
ELGAR.:	Six Easy Pieces for Violin.
FLETCHER, S.:	New Tunes for Strings vol. 1 e 2
KAVALEWSKY:	Album pieces
KUHLER:	Concertino en Sol M op. 11.
LANYI- LENKEI:	Eloadasi Daravok vol 1-2.
MARTIN, P:	Little suite nº 3 e 4. .
MOFFAT:	Old Masters for Young Players.
NELSON, S.:	piece by Piece 2, , Two in one, Pairs, Tunes you know 1 e 2, Threes, Fours, etc.
PRACHT:	Album of twelve Easy Pieces
RIEDING:	Concertino en Si m. (1º MOV)
SUZUKI :	Violin school, vol. I e II
SZILVAY, G.:	Violin Rascals, vol.2

Colección de pezas da Royal Academy e da editorial Moscova para grado 2

Pezas de similar nivel e dificultade.

3.4 CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Esixiranse as escalas e arpegios de SOL, LA e SI BEMOL de dúas oitavas, en notas soltas e con ligaduras de dúas, tres e catro notas, ademais da execución dun mínimo de dez estudos e/ou pequenas pezas ao longo do curso.

Mínimos exixibles por trimestre

Unha das escalas e tres pezas e/ou estudos

3.5 PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

3.5.1 Ordinarios para todos os cursos de grao elemental.

- Avaliación continua ao longo do curso.
- Avaliación puntual nas audicións.
- Cada trimestre os profesores coxuntamente farán un control sobre a evolución técnica e artística dos alumnos, os cales deberán interpretar unha escala, un estudio e una peza ou o repertorio que estén preparando no momento, segundo o criterio do seu profesor.
- Para cuarto de grao elemental, os profesores poderán establecer unha proba práctica ao final de nivel.

3.5.2 Extraordinarios para todos os cursos de grao elemental

De acordo coa normativa do centro, o alumno perderá o dereito á avaliación continua en caso de ter catro ou máis faltas sen xustificar ao longo do curso e terá que realizar un aproba de aptitude ao final de cada trimestre. Devandita proba, para a que será convocado, consistirá na interpretación de parte do programa do curso correspondente.

3.5.3 Exames para alumnos que perderon o dereito á avaliación continua.

Realizaráselles unha proba idéntica á do acceso ao curso inmediatamente superior no que se achen matriculados, no referente á proba de violín.

3.6 MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

- Os alumnos que necesiten medidas de recuperación poderán:
- Asistir como oíntes ás clases de compañeiros de niveis similares.

- Realizar exames de recuperación ao longo do curso.
- Os profesores contemplarán a posibilidade de destinar algunhas clases colectivas a traballar aspectos técnicos concretos como medida de recuperación para os alumnos que o necesiten.

3.7 EXAMES EXTRAORDINARIOS DE SETEMBRO

Os alumnos que suspendan a convocatoria de Xuño teñen dereito a un exame en setembro. Neste exame deberán interpretar dúas obras extraídas das listas de obras orientativas correspondentes ao curso inmediatamente superior, e un fragmento de lectura a primeira vista.

En caso de dúbida, o alumno deberá consultar co profesor correspondente.

3.8 CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA.

Para conceder a ampliación de matrícula é requisito indispensable que o alumno supere os obxectivos e contidos do curso no que está matriculado, e que o profesor considere que pode superar os do seguinte.

4. TERCEIRO CURSO

4.1 OBXECTIVOS

Neste curso preténdese perfeccionar o son, tanto en cantidade como en calidade.

Iniciarase o estudo dos cambios de posición e insistirase na articulación, afinación e mecánica dos movementos da man esquerda. Será obxectivo principal o desenvolvemento progresivo do hábito de estudo individual e o aproveitamento do tempo de estudo para un óptimo rendemento.

4.2 CONTIDOS

- Perfeccionamento dos golpes de arco á corda introducidos no curso anterior; bariolages sinxelos sobre dous ou tres cordas.
- Preparación para os golpes de arco saltados.
- Estudo sistemático da segunda e terceira posición.
- Exercicios preparatorios para o vibrato.

- Escalas en dúas oitavas en posición fixa e con cambios de posición.
- Obtención dunha boa sincronización entre ambas as mans.
- Flexibilidade das articulacións.

4.3 RECURSOS DIDÁCTICOS

Escalas e arpexios:

A. CURCI :	Tecnica elementale delle scale e degli arpeggi
GRIGORIAN:	Sistema de escalas.
A. B. R. S. M.:	Sistema de escalas
TOLEDO, A.:	Método de Escalas e arpexios, Vol I

Métodos e estudos

ANDERSON AND FROST:	All for Strings, vol 3
APPLEBAUM:	String Builder , Vol 3
CRICKBOOM :	O violín teórico e práctico vol.2 e 3
CLAUDIO :	El joven violinista vol. 3
CURCI:	Tecnica fondamentale del violino, vol. III e IV Posizioni e Cambiamenti di Posizioni
COHEN, Mary:	Technique Takes Off Superstudies, vol 2
COHEN, E.:	Violin Method vol.III
KAYSER :	Estudios, op. 20
DOFLEIN:	Violin Method vol.II e III
KINGSEY:	Elementary and Progressive Studies, vol 3
KROTKIEVSKY:	Estudios de cambio de posición
LASZLO ET AL.:	Estudios
MACKAY:	Position changing for the violín.
POLO :	Estudios de dobles cuerdas (1 a 5)
TROTT.:	Melodious Double Stops Vol 1.
VAN de VELDE :	Le Petit Paganini vol. 3

VARIOS :	The little Sevcik
WOHLFAHRT :	Estudios, op.45
WHISTLER:	Introducing the positions Vol. I.
WOOF:	Studies of Modérate difficulty (Cambios de Posición).

LECTURA A 1ª VISTA :Specimen Sightreading Tests (ABRSM) Grados 1-5

Pezas:

BARBER:	Solos for Young Violinists vol.1 (Papini :Tema e variacións.Trott: The Puppet Show, Huber: Concertino, Kroll Donkey Doodle))
BLACKWELL:	Fidlle Time Sprinters
COLLEDGE:	Fast Forward, Shooting Stars
CRICKBOOM:	Los maestros del violín, vol. II y III
DANCLA:	12 Easy Fantasies op. 86
LANYI- LENKEI:	Eloadasi Daravok vol -3.
NELSON, S.:	Keytunes Moving up Moving up again
PORTNOFF:	Concertino op. 13
RIEDING:	Concertino, op. 35 (3º Mov) Concertinos op. 34 e op. 36
SUZUKI:	Violin School Vol. III
VARIOS :	Chants et Morceaux, vol. II y III

Colección de pezas da Royal Academy e da editorial Moscova para grado 1

Pezas de similar nivel e dificultade

4.4 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Neste curso esixirase a correcta execución dun mínimo de catro estudos e dúas pezas por trimestre.

Mínimos exixibles por trimestre

Os apuntados no apartado anterior

4.5 PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

4.5.1 Ordinarios para todos os cursos de grao elemental.

- Avaliación continua ao longo do curso.
- Avaliación puntual nas audicións.
- Cada trimestre os profesores coxuntamente farán un control sobre a evolución técnica e artística dos alumnos, os cales deberán interpretar unha escala, un estudio e una peza ou o repertorio que estén preparando no momento, segundo o criterio do seu profesor.
- Para cuarto de grao elemental, os profesores poderán establecer unha proba práctica ao final de nivel.

4.5.2 Extraordinarios para todos os cursos de grao elemental

De acordo coa normativa do centro, o alumno perderá o dereito á avaliación continua en caso de ter catro ou máis faltas sen xustificar ao longo do curso e terá que realizar un aproba de aptitude ao final de cada trimestre. Devandita proba, para a que será convocado, consistirá na interpretación de parte do programa do curso correspondente.

4.5.3 Exames para alumnos que perderon o dereito á avaliación continua.

Realizaráselles unha proba idéntica á do acceso ao curso inmediatamente superior no que se achen matriculados, no referente á proba de violín.

4.6 MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

Os alumnos que necesiten medidas de recuperación poderán:

- Asistir como oíntes ás clases de compañeiros de niveis similares.
- Realizar exames de recuperación ao longo do curso.

- Os profesores contemplarán a posibilidade de destinar algunhas clases colectivas a traballar aspectos técnicos concretos como medida de recuperación para os alumnos que o necesiten.

4.7 EXAMES EXTRAORDINARIOS DE SETEMBRO

Os alumnos que suspendan a convocatoria de Xuño teñen dereito a un exame en setembro. Neste exame deberán interpretar dúas obras extraídas das listas de obras orientativas correspondentes ao curso inmediatamente superior, e un fragmento de lectura a primeira vista.

En caso de dúbida, o alumno deberá consultar co profesor correspondente.

4.8 CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA.

Para conceder a ampliación de matrícula é requisito indispensable que o alumno supere os obxectivos e contidos do curso no que está matriculado, e que o profesor considere que pode superar os do seguinte.

5. CUARTO CURSO

5.1 OBXECTIVOS

Neste curso consolidarase a técnica básica do instrumento, tanto no referente á man esquerda como á dereita.

Preténdese, ao mesmo tempo, o desenvolvemento musical do alumno:

- Coñecemento dos diferentes estilos musicais.
- Comprensión das obras.
- Fraseo e interpretación.

Principal obxectivo do curso será a preparación da proba de acceso a grao medio.

5.2 CONTIDOS

- Perfeccionamento e asimilación dos contidos de cursos anteriores.
- Estudo sistemático das cinco primeiras posicións fixas.
- Estudo do golpe de arco spiccato e dos seus derivados máis simples.
- Escalas de dúas oitavas con cambios de posición (arpeggios e golpes de arco aplicados) e introdución das escalas de tres oitavas.

- Dobres cordas. Acordes.
- Desenvolvimento do vibrato.

5.3 RECURSOS DIDÁCTICOS

Escalas e arpexios:

CURCI :	Tecnica elementale delle scale e degli arpeggi
GRIGORIAN:	Sistema de escalas.
A. B. R. S. M.:	Sistema de escalas
TOLEDO, A. :	Método de Escalas e arpexios, Vol I

Métodos e estudios

ARIAS:	Antología de estudios para violín, vol 1
APPLEBAUM:	Second and Fourth Positions String Builder Third and Fifth positions string builder
CRICKBOOM :	O violín teórico e práctico vol.3 e 4
CURCI :	Tecnica fondamentale del violino, vol. III e IV Posizioni e Cambiamenti di Posizioni
COHEN, Mary:	Technique Takes Off
COHEN, E:	Violin Method vol.III,IV
DONT :	Estudios, op. 38
KAYSER :	Estudios, op. 20
DOFLEIN:	Violin Method vol. III- IV
KINGSEY:	Elementary and Progressive Studies, vol 3
KAYSER:	Estudios op. 20
KREUTZER:	42 Estudios
KROTKIEVSKY :	Estudios de cambio de posición
LANYI- LENKEI	Eloadasi Daravok vol -3-4
LASZLO ET AL. :	Tonleiterstudien
MACKAY:	Position changing for the violín.

POLO :	Estudios de dobles cuerdas
SCHRADIEK :	Técnica del violín, vol. I
TROTT.:	Melodious Double Stops Vol 1.
VAN de VELDE :	Le Petit Paganini vol. 3
VARIOS :	The little Sevcik
WOHLFAHRT :	Estudios, op.45
WHISTLER:	Introducing the positions Vol. I
	Preparing for Kreutzer, vol 1.

LECTURA A 1ª VISTA :Specimen Sightreading Tests (ABRSM) Grados 1-5

Obras:

BÖHM:	Sarabanda en Sol m
BRAHMS:	Danza húngara nº 5 (Arranxo de Avsharian Fun whith Solos)
CORELLI	Sonata en mi menor nº 8
CRICKBOOM :	Los maestros del violín, vol. III y IV
CRICKBOOM:	Chants et Morceaux, vol. IV
DANCLA:	12 fantasias Fáciles Kleine Melodie Schule op. 123 Vol 2 e 3
ECCLES, H.	Sonata en Sol m
FIOCCO :	Allegro
GRIEG,E	Lyrische Stücke,op 38
GABRIEL- MARIE :	La Cinquantaine
GINGOLD:	Solos for the violin player vol 1 (allegro Spiritoso, the Bells)
HANDEL:	Sonatas op. 1, nº 3,10,12, 13, 14, 15
KUCHLER:	Concertino op. 15
MILLIES:	Concertino ao estilo de Mozart
MOLLENHAUER :	The infant paganini.

	The Boy Paganini
PLEYEL:	Dúos para 2 violíns
RIEDING:	Concertino op. 24
SEITZ :	Concerto nº2 (Suzuki vol 4)
	Concerto nº 5(Suzuki vol. 4)
SUZUKI:	Violin School Vol. III e vol. IV
TELEMANN :	Concerto en Sol M.
VIVALDI .	Concerto en sol M. e La m.
VIVALDI :	Sonatas para Violin.
PERSICHETTI:	Masques

Coleccións de pezas da Editorial Moscova , e da Royal Academy de Londres para este grao.

Pezas de similar nivel e dificultade

5.4 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A avaliación será continua, xa que durante o curso avaliaranse os progresos conseguidos na preparación do programa elixido para a proba de acceso, sendo indispensable ao final de curso a execución correcta do mesmo.

Mínimos exixibles por trimestre

Un terzo en duración do programa da proba de acceso.

5.5 PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

5.5.1 Ordinarios para todos os cursos de grao elemental.

- Avaliación continua ao longo do curso.
- Avaliación puntual nas audicións.
- Cada trimestre os profesores coxuntamente farán un control sobre a evolución técnica e artística dos alumnos, os cales deberán interpretar unha escala, un estudio e una peza ou o repertorio que estén preparando no momento, segundo o criterio do seu profesor.
- Para cuarto de grao elemental, os profesores poderán establecer unha proba práctica ao final de nivel.

5.5.2 Extraordinarios para todos os cursos de grao elemental

De acordo coa normativa do centro, o alumno perderá o dereito á avaliación continua en caso de ter catro ou máis faltas sen xustificar ao longo do curso e terá que realizar un aproba de aptitude ao final de cada trimestre. Devandita proba, para a que será convocado, consistirá na interpretación de parte do programa do curso correspondente.

5.5.3 Exames para alumnos que perderon o dereito á avaliación continua.

Realizáraselles unha proba idéntica á do acceso ao curso inmediatamente superior no que se achen matriculados, no referente á proba de violín.

5.6 MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

Os alumnos que necesiten medidas de recuperación poderán:

- Asistir como oíntes ás clases de compañeiros de niveis similares.
- Realizar exames de recuperación ao longo do curso.
- Os profesores contemplarán a posibilidade de destinar algunhas clases colectivas a traballar aspectos técnicos concretos como medida de recuperación para os alumnos que o necesiten.

5.7 EXAMES EXTRAORDINARIOS DE SETEMBRO

Os alumnos que suspendan a convocatoria de Xuño teñen dereito a un exame en setembro. Neste exame deberán interpretar dúas obras extraídas das listas de obras orientativas correspondentes ao curso inmediatamente superior, e un fragmento de lectura a primeira vista.

En caso de dúbida, o alumno deberá consultar co profesor correspondente.

6. GRAO PROFESIONAL

6.1 OBXECTIVOS XERAIS PARA OS INSTRUMENTOS DE CORDA.

O ensino de instrumentos de corda no grao profesional terá como obxectivo contribuír a desenvolver nos alumnos as capacidades seguintes:

- Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos musicais dunha dificultade acorde con este nivel.
- Aplicar cunha autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: digitación, articulación, fraseo.
- Coñecer as distintas convencións interpretativas vixentes nos distintos períodos da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.
- Practicar a música de conxunto, integrándose en formacións camerísticas de diversa configuración e desempeñando papeis de solista con orquestra en obras de dificultade media, desenvolvendo así o sentido de interdependencia entre os respectivos labores.

6.2 CONTIDOS XERAIS PARA OS INSTRUMENTOS DE CORDA.

- Continuación do traballo sobre os cambios de posición.
- Dobres cordas e acordes de tres e catro notas.
- Desenvolvemento da velocidade.
- Perfeccionamento dos diferentes golpes de arco.
- Armónicos naturais e artificiais.
- Traballo da polifonía no violín.
- A calidade sonora: cantabile e afinación.
- Traballo do fraseo e a súa adecuación aos diferentes estilos.
- Profundización no estudo da dinámica, da precisión na realización das diferentes indicacións que a ela se refiren, e do equilibrio dos niveis e calidades de son resultantes.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.

- Audicións de grandes intérpretes.
- Interpretación de obras do repertorio do violín de dificultade acorde con este nivel.
- Identificación e diagnóstico de problemas, así como procura de solucións.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces, importancia do traballo individual. - Audicións de clase e clases colectivas.

6.3 CRITERIOS DE AVALIACIÓN XERAIS E COMÚNS A TODO O GRAO.

- Utilizar o ton muscular e a respiración apropiados ás esixencias da execución instrumental.
- Demostrar dominio na execución de estudos e obras, sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.
- Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento.
- Interpretar obras de memoria das distintas épocas e estilos como solista e en grupo.
- Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical.
- Mostrar autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos.
- Presentar en público un programa apropiado ao seu nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.

- Correspondencia entre as capacidades adquiridas polo alumno e os obxectivos establecidos na programación.
- Interese e esforzo mostrados polo alumno.

7. PRIMEIRO CURSO

7.1 OBXECTIVOS

- Coñecer os recursos que ten o instrumento e pór en práctica os fundamentais, mostrando un dominio pleno das dificultades básicas, que serán ampliadas neste curso.
- Lograr que o alumno aproveite satisfactoriamente o seu tempo de estudo.
- Profundar no coñecemento dos diferentes estilos musicais para a súa mellor comprensión e interpretación.

7.2 CONTIDOS

- Dominio das cinco primeiras posicións.
- Dominio dos golpes de arco básicos. Estudo doutros máis complexos.
- Dobres cordas. Acordes.
- Desenvolvemento do vibrato.

7.3 RECURSOS DIDÁCTICOS.

Escalas e arpexios:

GRIGORIAN:	Sistema de escalas.
GALAMIAN:	Contemporary violín technique Vol I
FLESCHE:	Sistema de escalas.
A. B. R. S. M.:	Sistema de escalas grados 5 a 8
TOLEDO, A. :	Método de Escalas e arpexios, Vol II

Técnica e estudos

ARIAS:	Antología de estudos para violín, vol I e II
CURCI :	Tecnica fondamentale del violino, vol. IV Posizioni e Cambiamenti di Posizioni
CRICKBOOM :	Os mestres do violín, vol. IV e V

DONT :	Estudios, op. 37
KAYSER :	Estudios, op. 20
DOFLEIN:	Violin Method vol.IV- V
KAYSER:	Estudios op. 20
KREUTZER:	42 Estudios
MAZAS:	Estudios op. 36 vol I
POLO :	Estudios de dobles cuerdas
SCHRADIEK :	Técnica del violín, vol. I
SEVCIK :	School of Violin Techniques, op. 1, 2, 7, 8
TROTT.:	Melodious Double Stops Vol 1
WOHLFAHRT :	Estudios, op.45
WHISTLER:	Introducing the positions Vol. I e vol II

Preparing for Kreutzer, vol 1.

LECTURA A 1ª VISTA :Specimen Sightreading Tests (ABRSM) Grados 5-8

Obras

ACCOLAY :	Concertino en la menor
BOHM	Introducción and Polonaise Perpetual Motion
B. BARTOK :	44 dúos, vol. II
DANCLA :	6 Airs Variés op.89
CORELLI:	Sonatas op. 5
ELGAR:	Chanson de Matin Chanson de Nuit
HÄNDEL :	Sonatas op.1
HAYDN :	Dúos, op. 99
HELMUTH MAY :	Orquesta para principiantes
KREISLER:	Rondino on a Theme by Beethoven
MOLLENHAUER:	The boy Pgagnini
VIVALDI:	Sonatas op.2 Concerto en Sol m op. 12 nº 1
VARIOS:	Chants et Morceaux, vol. IV

Sonatas e concertos de compositores barrocos.

Pezas populares galegas.

Outras obras de similar nivel e dificultade

7.4 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Esixirase a realización correcta dun mínimo de catro estudos por trimestre, unha escala con arpegios e dobres cordas adecuada aos contidos do curso por trimestre. Ademais ao final de curso, o alumno, deberá realizar un programa de dúas obras completas cunha duración non inferior a 20 minutos.

Mínimos exixibles por trimestre

Os estudos e a escala correspondentes mais un terzo do programa de obras en canto á súa duración.

7.5 PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

7.5.1 Ordinarios .

- Avaliación continua ao longo do curso.
- Avaliación puntual nas audicións.
- Realizaranse controis para reforzar o proceso evaluativo.
- Farase un exame ao final do segundo e cuarto curso xunto con outros profesores do departamento de corda.
- Cada trimestre os profesores coxuntamente farán un control sobre a evolución técnica e artística dos alumnos, os cales deberán interpretar unha escala, un estudio e una peza ou o repertorio que estén preparando no momento, segundo o criterio do seu profesor.
- En sexto de grao medio realizarase un recital público e será avaliable para final de grao.

7.5.2 Extraordinarios .

De acordo coa normativa do centro, o alumno perderá o dereito á avaliación continua en caso de ter catro ou máis faltas sen xustificar ao longo do curso, e terá que realizar unha proba de aptitude ao final de cada trimestre. Devandita proba, para a que será convocado, consistirá na interpretación de parte do programa do curso correspondente.

7.5.3 Exames para alumnos que perderon o dereito á avaliación continua.

Realizaráselles unha proba idéntica á do acceso ao curso inmediatamente superior no que se achen matriculados, no referente á proba de violín.

7.6 MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

- Os alumnos que necesiten medidas de recuperación poderán asistir como oíntes ás clases de compañeiros de niveis similares.
- Exames de recuperación ao longo do curso.
- Os profesores contemplarán a posibilidade de destinar algunhas clases colectivas a traballar aspectos técnicos concretos como medida de recuperación para os alumnos que o necesiten.

7.7 EXAMES EXTRAORDINARIOS DE SETEMBRO.

- Os alumnos que suspendan a convocatoria de xuño teñen dereito a un exame en setembro. Neste exame deberán interpretar dúas obras extraídas das listas de obras orientativas correspondentes ao curso inmediatamente superior e un fragmento de lectura a vista.
- En caso de dúbida o alumno deberá consultar co profesor correspondente.

7.8 CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA.

Para conceder a ampliación de matrícula é requisito que o alumno supere os obxectivos e contidos do curso no que está matriculado e o profesor considere que pode superar os do seguinte.

8. SEGUNDO CURSO

8.1 OBXECTIVOS

- Perfeccionar os recursos que ten o instrumento e pór en práctica os fundamentais, demostrando un dominio pleno das dificultades básicas, que serán ampliadas neste curso.
- Conseguir que o alumno saque o maior rendemento ao seu tempo de estudo e que aprecie a súa evolución co instrumento.

-Profundar no coñecemento dos diferentes estilos musicais para a súa mellor comprensión e interpretación.

8.2 CONTIDOS

- Dominio das sete posicións.
- Dominio dos golpes de arco básicos. Estudo e perfeccionamento doutros máis complexos.
- Dobres cordas. Acordes. Estudo e perfeccionamento.
- Emprego e desenvolvemento das diferentes dinámicas.
- Desenvolvemento do vibrato e perfeccionamento das diferentes variedades.

8.3 RECURSOS DIDÁCTICOS.

Escalas e arpexios:

GRIGORIAN:	Sistema de escalas.
GALAMIAN:	Contemporary violín technique Vol I
FLESCHE:	Sistema de escalas.
A. B. R. S. M.:	Sistema de escalas grados 5 a 8
TOLEDO, A. :	Método de Escalas e arpexios, Vol II

Técnica e estudos

ARIAS:	Antología de estudios para violín, vol II-III
CURCI :	Tecnica fondamentale del violino, vol. IV Posizioni e Cambiamenti di Posizioni
CRICKBOOM :	Os mestres do violín, vol. IV e V
DONT :	Estudios, op. 37
DOFLEIN:	Violin Method vol. V
FIORILLO :	Estudios
KREUTZER:	42 Estudios
MAZAS:	Estudios op. 36 vol I
POLO :	Estudios de dobles cuerdas

SCHRADIEK :	Técnica del violín, vol. I
SEVCIK :	School of Violin Techniques, op. 1, 2, 7, 8,9
TROTT.:	Melodious Double Stops Vol 1 e 2
WOHLFAHRT :	Estudios, op.45
WHISTLER:	Introducing the positions Vol. I e vol II

Preparing for Kreutzer, vol 1.

LECTURA A 1ª VISTA :Specimen Sightreading Tests (ABRSM) Grados 5-8

Obras

ACCOLAY :	Concertino en la menor nº 1
BACH :	Concierto en la menor BWV 1041
	Doble concertó en Rem
BOCCHERINI :	3 duetos, op. 5
BOHM	Introducción e Polonesa
CORELLI:	Sonatas op. 5
DANCLA :	6 Airs Variés op.89
ELGAR:	Salut D'Àmour
GLUCK	Melodie
HAYDN :	Dúos, op. 99
KREISLER	Tempo di Minuet
MOZART :	Sonatas para violín y piano
MARTINU	Sept Arabesques
NARDINI	Concerto en Mi menor
SEVERN	Polish dance
VIVALDI :	Las Estaciones
TELEMANN :	Fantasías para violín solo
A. DVORAK :	Sonatina para violín y piano, op. 100
MASSENET :	Meditación de Thais
SEITZ	Concerto nº3 op. 12 en Sol m
VALENTINI	Sonata en Re m op. 8 nº 1
RIEDING	Concerto en Sol M op. 25

Pezas populares galegas.

Outras obras de similar nivel e dificultade

8.4 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Esixirase a realización correcta dun mínimo de catro estudos por trimestre, unha escala con arpegios e dobres cordas adecuada aos contidos do curso por trimestre. Ademais ao final de curso o alumno deberá realizar un programa de dúas obras completas cunha duración non inferior a 20 minutos.

Mínimos exixibles por trimestre

Os estudos e a escala correspondentes mais un terzo do programa de obras en canto á súa duración.

8.5. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

8.5.1 Ordinarios.

- Avaliación continua ao longo do curso.
- Avaliación puntual nas audicións.
- Realizaranse controis para reforzar o proceso evaluativo.
- Farase un exame ao final do segundo e cuarto curso xunto con outros profesores do departamento de corda.
- Cada trimestre os profesores coxuntamente farán un control sobre a evolución técnica e artística dos alumnos, os cales deberán interpretar unha escala, un estudio e una peza ou o repertorio que estén preparando no momento, segundo o criterio do seu profesor.
- En sexto de grao medio realizarase un recital público e será avaliable para final de grao.

8.5.2 Extraordinarios.

De acordo coa normativa do centro, o alumno perderá o dereito á avaliación continua en caso de ter catro ou máis faltas sen xustificar ao longo do curso, e terá que realizar unha proba de aptitude ao final de cada trimestre. Devandita proba, para a que será convocado, consistirá na interpretación de parte do programa do curso correspondente.

8.5.3 Exames para alumnos que perderon o dereito á avaliación continua.

Realizaráselles unha proba idéntica á do acceso ao curso inmediatamente superior no que se achen matriculados, no referente á proba de violín.

8.6 MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

- Os alumnos que necesiten medidas de recuperación poderán asistir como oíntes ás clases de compañeiros de niveis similares.
- Exames de recuperación ao longo do curso.
- Os profesores contemplarán a posibilidade de destinar algunhas clases colectivas a traballar aspectos técnicos concretos como medida de recuperación para os alumnos que o necesiten.

8.7 EXAMES EXTRAORDINARIOS DE SETEMBRO.

- Os alumnos que suspendan a convocatoria de xuño teñen dereito a un exame en setembro. Neste exame deberán interpretar dúas obras extraídas das listas de obras orientativas correspondentes ao curso inmediatamente superior e un fragmento de lectura a vista.

- En caso de dúbida o alumno deberá consultar co profesor correspondente.

8.8 CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA.

Para conceder a ampliación de matrícula é requisito que o alumno supere os obxectivos e contidos do curso no que está matriculado e o profesor considere que pode superar os do seguinte.

9. TERCEIRO CURSO

9.1 OBXECTIVOS

- Perfeccionar os recursos que ten o instrumento e desenvolver os fundamentais, demostrando un dominio pleno das dificultades técnicas coñecidas, e das que se van a traballar neste curso.
- Conseguir que o alumno saque o maior rendemento ao seu tempo de estudo e aprecie a súa evolución co instrumento.
- Fomentar a autonomía do alumno no tocante ás digitaciones e arcos.
- Profundar no coñecemento dos diferentes estilos musicais para a súa mellor comprensión e interpretación.

9.2 CONTIDOS

- Dominio das posicións.
- Dominio dos golpes de arco fundamentais. Estudo doutros máis complexos.
- Dobres cordas. Acordes. Estudo e perfeccionamento.
- Emprego e desenvolvemento das diferentes dinámicas.
- Desenvolvemento do vibrato e perfeccionamento das súas diferentes variedades.

9.3 RECURSOS DIDÁCTICOS.

Escalas e arpexios:

GRIGORIAN:	Sistema de escalas.
GALAMIAN:	Contemporary violín technique Vol I e Vol II
MANOOGIAN	Foundations on Double Stops (Terceiras e Sextas)
FLESCHE:	Sistema de escalas.
A. B. R. S. M.:	Sistema de escalas grados 5 a 8
TOLEDO, A. :	Método de Escalas e arpexios, Vol II

Técnica e estudos

ARIAS:	Antología de estudios para violín, vol IV- IV b
DONT :	Estudios, op. 37
FIORILLO :	Estudios
KREUTZER:	42 Estudios
MAZAS:	Etudes Brillantes op. 36 II
POLO :	Estudios de dobles cuerdas-
RODE :	Estudios
SCHRADIEK :	Técnica del violín, vol. I
SEVCIK :	School of Violin Techniques, op., 8,9
LECTURA A 1ª VISTA :	Specimen Sightreading Tests (ABRSM) Grados 5-8

Obras

ALBENIZ	Malagueña
BACH :	Concierto en Mi M. Doble concierto
BERIOT	Concerto nº 7 op. 76
GRANADOS	Danza Española
KREISLER	Sicilienne et Rigaudon
TEN HAVE	Allegro Brillante
BOCCHERINI :	3 duettos, op. 5
MARTINU	Madrigal Stanzas
TELEMANN :	Fantasías para violín solo
VIVALDI :	Las Estaciones. Conciertos
HAYDN :	Concierto en Sol M
VIOTTI :	Concierto nº 23
BEETHOVEN :	Romanzas y Sonatas
DVORAK :	Sonatina op. 100 para violín y piano
FALLA :	Piezas cortas con piano
SARASATE :	Piezas cortas con piano (
Playera)	Sonatina
BARTOK :	WIENAWSKY :

Légénde Pezas populares galegas.

Outras obras de similar nivel e dificultade

9.4 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Esixirase a realización correcta dun mínimo de catro estudos por trimestre, unha escala con arpegios e dobres cordas adecuada aos contidos do curso por trimestre. Ademais ao final de curso o alumno deberá realizar un programa de dous ou máis obras completas cunha duración non inferior a 30 minutos.

Mínimos exixibles por trimestre

Os estudos e a escala correspondentes mais un terzo do programa de obras en canto á súa duración.

9.5 PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

9.5.1 Ordinarios.

- Avaliación continua ao longo do curso.
- Avaliación puntual nas audicións.
- Realizaranse controis para reforzar o proceso evaluativo.
- Farase un exame ao final do segundo e cuarto curso xunto con outros profesores do departamento de corda.
- Farase un control de estudos e escalas cada ano ao longo do segundo trimestre do curso.
- En sexto de grao medio realizarase un recital público e será avaliable para final de grao.

9.5.2 Extraordinarios .

De acordo coa normativa do centro, o alumno perderá o dereito á avaliación continua en caso de ter catro ou máis faltas sen xustificar ao longo do curso, e terá que realizar unha proba de aptitude ao final de cada trimestre. Devandita proba, para a que será convocado, consistirá na interpretación de parte do programa do curso correspondente.

9.5.3 Exames para alumnos que perderon o dereito á avaliación continua.

Realizaráselles unha proba idéntica á do acceso ao curso inmediatamente superior no que se achen matriculados, no referente á proba de violín.

9.6 MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

- Os alumnos que necesiten medidas de recuperación poderán asistir como oíntes ás clases de compañeiros de niveis similares.
- Exames de recuperación ao longo do curso.
- Os profesores contemplarán a posibilidade de destinar algunhas clases colectivas a traballar aspectos técnicos concretos como medida de recuperación para os alumnos que o necesiten.

9.7 EXAMES EXTRAORDINARIOS DE SETEMBRO.

- Os alumnos que suspendan a convocatoria de xuño teñen dereito a un exame en setembro. Neste exame deberán interpretar dúas obras extraídas das listas de obras orientativas correspondentes ao curso inmediatamente superior e un fragmento de lectura a vista.
- En caso de dúbida o alumno deberá consultar co profesor correspondente.

9.8 CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA.

Para conceder a ampliación de matrícula é requisito que o alumno supere os obxectivos e contidos do curso no que está matriculado e o profesor considere que pode superar os do seguinte.

10. CUARTO CURSO

10.1 OBXECTIVOS

-Perfeccionar os recursos que ten o instrumento e desenvolvemento dos fundamentais, demostrando un dominio pleno das dificultades técnicas coñecidas, e das que se van a traballar neste curso. -Conseguir que o alumno saque o maior rendemento ao seu tempo de estudo e aprecie a súa evolución co instrumento. -Fomentar a autonomía do alumno no tocante ás digitaciones e arcos. -Profundar no coñecemento dos diferentes estilos musicais para a súa mellor comprensión e interpretación.

10.2 CONTIDOS

- Dominio das posicións. - Dominio dos golpes de arco fundamentais. Estudo doutros máis complexos. - Dobres cordas. Acordes. Estudo e perfeccionamento

das mesmas. - Emprego e desenvolvemento das diferentes dinámicas. -
Desenvolvemento do vibrato e perfeccionamento das súas diferentes variantes.

10.3 RECURSOS DIDÁCTICOS.

Escalas e arpexios:

GRIGORIAN:	Sistema de escalas.
GALAMIAN:	Contemporary violín technique Vol I e Vol II
MANOOGIAN	Foundations on Double Stops (Terceiras e Sextas)
FLESCHE:	Sistema de escalas.
A. B. R. S. M.:	Sistema de escalas grados 5 a 8
TOLEDO, A. :	Método de Escalas e arpexios, Vol II

Técnica e estudos

ARIAS:	Antología de estudios para violín, vol IV- IV b
DONT :	Estudios, op. 37
FIORILLO :	Estudios
GAVINIÉS :	Estudios
KREUTZER:	42 Estudios
MAZAS:	Etudes Brillantes op. 36 II
POLO :	Estudios de dobles cuerdas-
RODE :	24 Caprichos
SCHRADIEK :	Técnica del violín, vol. I
SEVCIK :	School of Violin Techniques, op., 8,9
LECTURA A 1ª VISTA :	Specimen Sightreading Tests (ABRSM) Grados 5-8-

Obras

